

O Diario de Sesións do Parlamento de Galicia

Introdución

O *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia (DSPG)* defínese no Regulamento como a publicación en que «se reproducirán integramente, deixando constancia dos incidentes producidos, todas as intervencións e acordos adoptados en sesións de Pleno, da Deputación Permanente e, se é o caso, das comisións que non teñan carácter secreto».

Ao longo do tempo, o *DSPG* veuse estruturando en tres partes fundamentais: a **transcrición da sesión**, coa necesaria intervención lingüística e de estilo e a verificación de todo tipo de citas e referencias de quen intervén —que poden incluír nomes propios de persoas, toponimia, empresas, institucións, conceptos etc.—, así como a introdución de elementos informativos que completan o relato; a **orde do día**, publicada previamente no *BOPG*, e o **sumario**, que recolle a modo de índice e de forma breve todas as intervencións e as incidencias da sesión.

A transcrición —entendida como o resultado final da reprodución fiel da sesión— supón un conxunto de procedementos necesarios para a reconstrución escrita do rexistro oral da propia sesión parlamentaria, que na actualidade é unha gravación audiovisual. Ademais da reprodución dos discursos, é necesario engadir bastante material informativo —sempre distinguido tipograficamente da reprodución de texto oral— para cumprir co mandato de recoller os acordos plenarios e favorecer a comprensión do desenvolvemento do acto parlamentario.

É lóxica a necesidade de aplicar correccións lingüísticas de tipo estilístico na transcrición, con criterios colectivos que se recollen con detalle neste manual, así como o rigor que o persoal do servizo debe aplicar na inclusión da información adicional que completa o texto.

1. As fases da elaboración do *DSPG*

O proceso de elaboración do *DSPG* divídese en catro fases que, ao mesmo tempo, se corresponden cunha determinada distribución profesional de responsabilidades dentro do Servizo de Publicacións do Parlamento:

- 1) Fase de redacción do borrador da transcrición da sesión.
- 2) Fase de verificación e corrección do borrador.
- 3) Unión final do texto e elaboración do sumario.
- 4) Fase de maquetaxe do *DSPG*.

A fase inicial do traballo constitúea a redacción dun borrador a partir do material audiovisual. Este texto elaborado polo colectivo de transcrición xa ten unha estrutura sintáctica inicial e avanza os formatos tipográficos e esquemas textuais prefixados (entradas das persoas oradoras, títulos dos asuntos da orde do día, algunhas anotacións de incidencias, fórmulas de votación etc.). A expectativa desta fase é a máxima fidelidade posible ao discurso pronunciado, pero este parámetro depende en gran medida das formas da oratoria, do rexistro sonoro ou das dificultades da audición e pronunciación que poden xerar problemas interpretativos. Será un criterio xeral, polo tanto, a prudencia na transcrición de palabras ou frases escuras ou inintelixibles. Nestes casos, a persoa encargada da transcrición deberase abster de escribir ese tipo de texto e deixará puntos suspensivos ou ocos para a súa posterior resolución no momento da corrección. É

importante respectar esta norma para non xerar maior confusión con «palabras aproximadas» ou descontextualizadas. Hai que considerar que, en boa medida, a resolución final da transcripción é produto da comprensión da lóxica do discurso e non da simple audición.

A segunda fase, a cargo do colectivo técnico, é a de revisar o texto desde o punto de vista lingüístico e formal, coa correspondente verificación da fidelidade das intervencións e de que o texto garda todos os requisitos formais exixidos neste manual, tanto na redacción como na inclusión da información adicional sobre incidencias e acordos adoptados na sesión. Esta fase do traballo faise de forma fragmentada respecto do material transcrito, así como da abordaxe por parte de distintos profesionais, de maneira que será con posterioridade cando se completen os procedementos para obter un único texto de toda a sesión parlamentaria.

En terceiro lugar, un único responsable do colectivo técnico do servizo procederá a unir todos os fragmentos xa corrixidos e a completar algúns elementos formais para conformar o texto definitivo de cada número do *DSPG*. Esta mesma persoa será a encargada de redactar un sumario a partir dun borrador facilitado por outras unidades do Servizo de Publicacións.

A fase final, a cargo do colectivo administrativo de edición, consistirá na maquetaxe das distintas partes que constitúen cada número do *DSPG* (orde do día, transcripción da sesión e sumario) segundo as pautas e o deseño establecido para a publicación e a difusión a través do web do Parlamento.

2. A orde do día

A orde do día é a relación de puntos (iniciativas, procesos electivos, comparecencias e outros asuntos) que compoñen a sesión e vén fixada pola Mesa do Parlamento e a Xunta de Portavoces.

A orde do día do Pleno, da Deputación Permanente e das comisións publícase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia (BOPG)*. No *DSPG* debe incluírse tal como vén publicada no *BOPG*, coas correspondentes referencias en cada punto á súa data de publicación.

Dado que unha sesión parlamentaria pode durar máis dun día e que cada número do *DSPG* se corresponde sempre cun día de sesión, a orde do día completa só se publicará no primeiro número de cada sesión. Nos seguintes números constarán unicamente os puntos restantes debatidos nese fragmento de sesión, coa indicación de que é continuación do anterior.

A titulación dos asuntos da orde do día tamén aparecerá, coa mesma redacción (mais sen as referencias á súa publicación), no sumario e no corpo de transcripción do debate.

Orde do día no primeiro número	Orde do día nos seguintes números
<p>ORDE DO DÍA</p> <p>Punto 1. Textos legislativos</p> <p>1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (doc. núm, 44223, 10/PL-000012)</p> <p>Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019</p> <p>Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 431, do 14.02.2019</p> <p>1.2 [...]</p> <p>Punto 2. Comparecencia</p> <p>37714 (10/CPP-000080)</p> <p>Da Sra. conselleira de Política Social, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento</p> <p>Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018</p> <p>Punto 3. Mocións</p> <p>3.1 46358 (10/MOC-000127)</p> <p>Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego</p> <p>Prado Cores, María Montserrat</p> <p>Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da sanidade pública en Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 43841, publicada no BOPG nº 417, do 23.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.02.2019)</p> <p>Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019</p> <p>3.2 [...]</p> <p>Punto 4. Proposicións non de lei</p> <p>4.1 41015 (10/PNP-003097)</p> <p>Grupo Parlamentario de En Marea</p> <p>Miranda Pena, Flora e Quinteiro Araújo, Paula</p> <p>Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero</p>	<p>ORDE DO DÍA (Continuación.)</p> <p>Punto 4. Proposicións non de lei</p> <p>4.1 41015 (10/PNP-003097)</p> <p>Grupo Parlamentario de En Marea</p> <p>Miranda Pena, Flora e Quinteiro Araújo, Paula</p> <p>Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero</p> <p>Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 05.12.2018</p> <p>4.2 [...]</p> <p>Punto 5. Interpelacións</p> <p>5.1 43899 (10/INT-001440)</p> <p>Grupo Parlamentario de En Marea</p> <p>Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón</p> <p>Sobre o incremento da mortalidade nas estradas galegas</p> <p>Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019</p> <p>5.2 [...]</p> <p>Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta</p> <p>6.1 46484 (10/POPX-000130)</p> <p>Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego</p> <p>Pontón Mondelo, Ana Belén</p> <p>Sobre as previsións do Goberno galego de respectar as mulleres que defenden a igualdade cunha folga o 8 de marzo de 2019</p> <p>Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019</p> <p>6.2 [...]</p> <p>Punto 7. Preguntas ao Goberno</p> <p>7.1 46451 (10/PUP-000225)</p> <p>Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia</p>

<p>Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 05.12.2018</p> <p>4.2 [...]</p> <p>Punto 5. Interpelacións</p> <p>5.1 43899 (10/INT-001440)</p> <p>Grupo Parlamentario de En Marea</p> <p>Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón</p> <p>Sobre o incremento da mortalidade nas estradas galegas</p> <p>Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019</p> <p>5.2 [...]</p> <p>Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta</p> <p>6.1 46484 (10/POPX-000130)</p> <p>Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego</p> <p>Pontón Mondelo, Ana Belén</p> <p>Sobre as previsións do Goberno galego de respectar as mulleres que defenden a igualdade cunha folga o 8 de marzo de 2019</p> <p>Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019</p> <p>6.2 [...]</p> <p>Punto 7. Preguntas ao Goberno</p> <p>7.1 46451 (10/PUP-000225)</p> <p>Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia</p> <p>Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis</p> <p>Sobre as razóns da Xunta de Galicia para pagar os gastos xerados pola vivenda do fiscal xefe da Audiencia Provincial de Ourense</p> <p>Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019</p> <p>7.2 [...]</p>	<p>Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis</p> <p>Sobre as razóns da Xunta de Galicia para pagar os gastos xerados pola vivenda do fiscal xefe da Audiencia Provincial de Ourense</p> <p>Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019</p> <p>7.2 [...]</p>
---	--

2.1. Sesións non ordinarias

Algunhas sesións, por non seren ordinarias, non se axustan a este modelo de orde do día, senón que están constituídas por un punto único. No caso de que o debate se divida en dúas sesións, na orde do día da segunda sesión repetirase o punto único coa indicación «Continuación» entre parénteses.

Recóllense a seguir os exemplos das sesións non ordinarias máis frecuentes que se dan en todas as lexislaturas.

Sesión constitutiva
<p>ORDE DO DÍA</p> <p>Punto único.</p> <p>Sesión constitutiva do Parlamento de Galicia</p> <p>Constitución da Mesa de Idade</p> <p>Elección da Mesa do Parlamento</p> <p>Constitución da Mesa do Parlamento</p> <p>Promesa ou xuramento de acatar a Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia</p>
Debate de investidura
<p>ORDE DO DÍA</p> <p>Punto único.</p> <p>Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.</p>
Debate sobre o estado da Autonomía
<p>ORDE DO DÍA</p> <p>Punto único.</p> <p>Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 16667, 10/DEBA-000001)</p>
Debate de orzamentos
<p>ORDE DO DÍA</p> <p>Punto único.</p> <p>Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 (11/PL-000007 doc. núm. 5731)</p> <p>Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 77, do 18.01.2021</p> <p>Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 77, do 18.01.2021</p>

3. O sumario

Logo da orde do día inclúese o sumario, un índice da sesión que serve como guía para facilitar a localización de cada fase da sesión, así como de todas as intervencións, incidencias e acordos. Nel sinálanse de forma ordenada as intervencións dos oradores, as incidencias fundamentais, as alteracións na orde do día, as votacións, os acordos etc.

Na redacción das cuestións que se relatan, así como das incidencias que houber, utilizarase o tratamento correspondente aos cargos. Así, tanto o presidente ou a presidenta como os deputados e as deputadas irán sempre precedidos de «o señor...» ou «a señora...» (neste caso, sen abreviar). Ao lado de cada indicación irá, entre parénteses, a páxina do diario en que se atopa.

O sumario iníciase coa indicación da hora de apertura da sesión e remata tamén coa correspondente referencia horaria. Estas dúas indicacións márcanse en cursiva. A continuación aparecen sempre os seguintes elementos na orde cronolóxica do desenvolvemento do debate, coa súa paxinación:

- O título de cada iniciativa, en grosa, coa indicación entre paréntese do punto da orde do día correspondente.
- Os oradores intervinientes, en cursiva, precedidos da abreviatura Sr./Sra. e tamén da abreviatura do grupo parlamentario (segundo a convención marcada, que pode variar en cada lexislatura), entre parénteses, coa especificación previa da fase do debate á que pertence a intervención (presentación de iniciativas, defensa de emendas, roldas de grupos non emendantes, intervencións dos autores de preguntas, contestacións do Goberno, réplica etc.).
- As votacións, co seu resultado en cursiva.

Exemplo: apertura da sesión, iniciativa e oradores

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación

urbanas de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 13.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sra. Torregrosa Sañudo (EM).* (Páx. 18.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 20.), *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 24.) e *Sr. Castiñeira Broz (P).* (Páx. 29.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Torregrosa Sañudo (EM).* (Páx. 34.)

Exemplo: iniciativa, oradores e votación

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia,

orgánica de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 39.) *Sra. Santos Queiruga (EM)* (Páx. 42.) e *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 45.)

Rolda de réplica: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 48.)

Votación dos textos legislativos

Votación da emenda á totalidade, con petición de devolución, do G. P. de En Marea, ao Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia: *rexeitada por 19 votos a favor, 37 votos en contra e 14 abstencións*. (Páx. 50.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, orgánica de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria: *aprobada por 33 votos a favor, ningún voto en contra e 37 abstencións*. (Páx. 50.)

Exemplo: iniciativa, incidencia, oradores e suspensión da sesión

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto das propostas de legalización e de normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 137.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 137.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 140.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 142.) e *Sra. Quintero Araújo (EM)*. (Páx. 144.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 146.)

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e oito minutos do serán.

Exemplo: sesión constitutiva

Constitución da Mesa de Idade

O señor letrado oficial maior comunícalle á Cámara quen son, respectivamente, as deputadas ou deputados electos de maior e menor idade para a constitución da Mesa de Idade. A don Carlos Enrique López Crespo, como deputado de maior idade, correspóndelle presidir esta Mesa, que será asistido por dona Olalla Rodil Fernández e dona Paula Quinteiro Araújo, as de menor idade. (Páx. 5.)

O letrado oficial maior rógalles que ocupen os seus postos nos escanos correspondentes á Mesa do Parlamento. (Páx. 5.)

Ábrese a sesión ás once e tres minutos da mañá.

O señor presidente da Mesa de Idade (López Crespo) declara aberta a sesión e rógalle á señora secretaria (Quinteiro Araújo) que dea lectura ao decreto de disolución do Parlamento e de convocatoria de eleccións, ao acordo da Xunta Electoral polo que se fan públicos os resultados electorais por circunscricións, á relación de deputadas e deputados electos, así como aos recursos contencioso-electorais interpostos, no caso de que os houber. (Páx. 5.)

A señora secretaria da Mesa de Idade (Quinteiro Araújo) le o Decreto 92/2016, do 1 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, o número de deputadas e deputados correspondente a cada circunscrición e mais a relación de deputadas e deputados electos. (Páx. 5.)

Elección da Mesa do Parlamento

O señor presidente da Mesa de Idade (López Crespo) anuncia a votación separada para elixir os

membros da Mesa e explica o procedemento que se vai seguir para a elección. (Páx. 8.)

Elección de presidenta ou presidente

O señor presidente da Mesa de Idade (López Crespo) rógalle á señora secretaria que proceda a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 8.)

A señora secretaria da Mesa de Idade (Quinteiro Araújo) procede a efectuar o chamamento. (Páx. 8.)

Votación: don Miguel Ángel Santalices Vieira, 41 votos; en branco, 34 votos. (Páx. 9.)

En consecuencia, queda proclamado presidente, cos votos requiridos da maioría absoluta, don Miguel Ángel Santalices Vieira. (Páx. 9.)

Exemplo: debate sobre o estado da Autonomía (primeira sesión)

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.

(Punto único da orde do día.)

Intervención do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 4.)

Suspéndese a sesión ás once e corenta e dous minutos da mañá e retómase ás catro e seis minutos da tarde.

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 31.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 42.), *Sr. Villares Naveira (EM)* (Páx. 52.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 65.)

Resposta do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 76.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 90.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 94.), *Sr. Villares Naveira (EM)* (Páx. 96.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 100.)

Contrarréplica do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 104.)

Exemplo: debate sobre o estado da Autonomía (segunda sesión)

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (Continuación.)

O señor presidente explica, en primeiro lugar, o desenvolvemento do debate e a seguir dálle a palabra á señora secretaria para que comunique as propostas de resolución que foron admitidas pola Mesa do Parlamento, así como a súa agrupación para a votación. (Páx. 7.)

A señora secretaria (Paz Uz) comunica ao Pleno do Parlamento de Galicia os acordos con relación ás propostas de resolución presentadas ao debate de política xeral de 2017. (Páx. 7.)

Debate das propostas de resolución

O señor presidente abre a rolda dos grupos parlamentarios para o debate das propostas de resolución. (Páx. 10.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 10.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 14.), *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 19.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 25.)

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse respecto das propostas de resolución presentadas: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 32.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 34.), *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 36.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 39.)

Votación das propostas de resolución

Votación do texto transaccionado entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 11 do G. P. de En Marea: rexeitado por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 46.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 28 do G. P. de En Marea: *rexeitado por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Exemplo: debate de orzamentos

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos,

sobre o proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021. (Punto único.)

O señor presidente explica o esquema do debate, así como os tempos das intervencións en cada rolda. (Páx. 6.)

Presentación do ditame da Comisión: *Sra. presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Presas Bergantiños).* (Páx. 6.)

Debate sobre o articulado

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da Comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 8.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 13.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 18.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 22.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 25.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 28.)

Debate conxunto sobre os estados de gastos

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da Comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 30.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 39.) e *Sr. Puy Fraga (P)* (Páx. 47.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas defendidas polos demais grupos: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 55.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 59.) e *Sr. Puy Fraga (P)* (Páx. 62.)

Votación do Ditame sobre o proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021

O sumario tamén debe reflectir as posibles incidencias e as alteracións da orde do día. Cómpre ter en conta que estas alteracións requiren, en xeral, o acordo da Cámara, sexa por asentimento ou por sometemento a votación. Con todo, o máis frecuente é atopar situacións de acordo previo onde se dá por entendido o asentimento plenario. No caso concreto das acumulacións de asuntos ou da súa reordenación dentro da sesión, o artigo 78.2 do Regulamento outorga ao presidente a facultade de decidir, polo que non é preciso sometelo a acordo da Cámara.

En calquera destes casos, a incidencia marcarase coa fórmula **Alteración da orde do día.**

Exemplos: alteración da orde do día con acordo previo

Alteración da orde do día

O señor presidente comunícalle á Cámara unha modificación na ordenación do debate, previamente aprobada por asentimento, que afecta o punto terceiro da orde do día. (Páx. 23.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia o aprazamento dunha das preguntas da orde do día, polo que dá paso á derradeira desta sesión plenaria. (Páx. 148.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica a decisión de aprazar a pregunta que figura en terceiro lugar no correspondente punto da orde do día. (Páx. 71.)

Exemplos: alteración da orde do día con sometemento ao acordo da Cámara

Alteración da orde do día

O señor presidente somete á consideración do Pleno unha alteración da orde do día co obxecto de introducir un novo punto. Esta alteración apróbase por asentimento. (Páx. 10.)

Alteración da orde do día

O señor presidente proponlle á Cámara a inclusión dun novo punto na orde do día cuxo contido sería o debate e votación, polo procedemento de lectura única, da Proposición de lei do Grupo Parlamentario Popular, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia e, se é o caso, debate e votación da referida proposición de lei. (Páx. 12.)

Alteración da orde do día

O señor presidente somete á consideración da Cámara a solicitude de aprazamento da primeira interpelación da orde do día. Esta alteración apróbase por asentimento. (Páx. 13.)

Exemplos: reordenación do debate (facultade da presidencia)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día consistente en debater a continuación a moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia que figura na orde do día en terceiro lugar. (Páx. 147.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica un cambio no desenvolvemento da orde do día. (Páx. 155.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia outra alteración ao introducir a segunda comparecencia da orde do día. (Páx. 62.)

Alteración da orde do día

Antes de pasar ao punto de interpelacións, o señor presidente introduce unha das comparecencias do punto segundo da orde do día. (Páx. 22.)

No sumario cítase cada asunto da orde do día coa súa referencia numérica —(*Punto primeiro da orde do día.*), (*Punto quinto da orde do día.*) etc.—. Polo tanto, se se produce unha alteración pola que se inclúe un novo asunto, podería provocar a necesidade de renumerar a orde inicial. Non sempre é necesario, xa que os puntos van distribuídos en bloques segundo o tipo de iniciativa (as mocións constitúen un punto, as preguntas ao Goberno constitúen outro, as proposicións non de lei outro, e así sucesivamente), e, se se engade unha moción, será un novo asunto dentro do mesmo punto. Porén, se a alteración consiste, por exemplo, na realización dun proceso electivo que vai incrustado entre as mocións (punto terceiro) e as proposicións non de lei (punto cuarto), o novo asunto da orde do día habería que nomealo como: (*Punto terceiro bis da orde do día.*).

Resultan moi frecuentes as alteracións por inclusión ao principio da sesión. Neste caso, pódense nomear como «Punto preliminar da orde do día.».

Exemplo

Alteración da orde do día co fin de incluír un novo punto

Designación das deputadas ou deputados autonómicos encargados da defensa no Congreso dos Deputados da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica, de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto preliminar engadido á orde do día logo da aprobación da Cámara.)

O señor presidente somete á consideración da Cámara a inclusión na orde do día deste pleno da designación de tres deputadas ou deputados autonómicos encargados da defensa no Congreso dos Deputados da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica, de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

A continuación dá conta do procedemento seguido para a súa designación, así como do desenvolvemento da votación nesta sesión. (Páx. 12)

4. A sesión: as partes prefixadas

O corpo principal do *DSPG* está conformado pola reprodución do debate do órgano parlamentario de que se trate. Neste conxunto atópanse dous tipos de texto: a transcripción propiamente dita e as anotacións e indicacións que dan fe de incidencias ou que facilitan a lectura da publicación.

A base do *DSPG* son os textos que reproducen as intervencións orais. Con todo, a sesión dun órgano parlamentario é unha sucesión de procedementos establecidos regulamentariamente cunha estrutura prefixada, o que dá lugar a que certas partes do seu desenvolvemento estean conformadas por esquemas discursivos fixos que se repiten con mínimas variacións (por exemplo, a presentación dos puntos da orde do día, as votacións etc.). Nestas partes, adoita substituírse a transcripción directa por anotacións predeterminadas.

4.1. O inicio, a suspensión, a continuación e o remate da sesión

A sesión plenaria ou de calquera dos outros órganos da Cámara correspóndese co desenvolvemento total da orde do día, non coa duración cronolóxica de cada xornada. Polo tanto, a sesión só se abre unha vez (o primeiro día e cando se inicia) e só remata cando se esgotan os ditos puntos (normalmente o segundo día). Cada pausa e prosecución da sesión, aínda que sexa en xornadas diferentes, márcase cos verbos *suspender* e *retomar*.

Estes son os verbos que se deben empregar nestas expresións fixadas, sen importar os que se empreguen na oralidade, onde se pode utilizar equivocadamente a fórmula de apertura en lugar da de continuación ou empregar expresións incorrectas como **reanúdase* ou **levántase a sesión*.

A indicación completa debe escribirse en cursiva e sen parénteses. As horas deben expresarse en letra, co sistema de doce horas e coa especificación dos minutos.

Con respecto ás partes do día, séguese a seguinte convención:

- Ata as 12.00: mañá.
- De 12.00 a 12.59: mediodía.
- De 13.00 a 18.59 (de novembro a abril)/19:59 (de maio a outubro): tarde.
- De 19.00 a 19.59 (de novembro a abril) / De 20:00 a 21:00 (de maio a outubro): serán.
- De 20.00 (de novembro a abril) / 21:00 (de maio a outubro) en adiante: noite.

Para a suspensión da sesión da mañá e o inicio da sesión da tarde porase unha única anotación que inclúa ambas as indicacións.

Exemplos
<i>Ábrese a sesión ás nove e quince minutos da mañá.</i>
<i>Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e cinco minutos do mediodía.</i>
<i>Retómase a sesión ás catro e trinta minutos da tarde.</i>
<i>Suspéndese a sesión ás oito e corenta minutos do serán.</i>

Exemplos
<i>Suspéndese a sesión ás nove e vinte minutos da noite.</i>
<i>Suspéndese a sesión á unha e cincuenta minutos do mediodía e retómase ás catro e dez minutos da tarde.</i>
<i>Remata a sesión ás vinte horas e vinte minutos do serán.</i>

4.2. Os oradores

Cada intervención está encabezada pola identificación do orador, que ten as seguintes características:

- Cando una persoa intervén en calidade de parlamentaria, escríbense os dous apelidos con letra maiúscula e grosa.

Exemplos
A señora LÓPEZ PÉREZ:
O señor GARCÍA RODRÍGUEZ:

- Cando unha persoa intervén en calidade do cargo que representa (membros do Goberno, membros da Mesa ou presidentes de comisións parlamentarias), escríbese a indicación do cargo en maiúsculas e en grosa e, a continuación, entre parénteses, os apelidos en minúscula.

Exemplos
O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):
A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez):
A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA (Egerique Mosquera):

- No caso da presidencia titular do Parlamento, elúdense os apelidos (salvo na sesión constitutiva). Porén, se se trata dunha substitución da persoa titular nas súas funcións, si se identifica cos apelidos:

Exemplos
O señor PRESIDENTE:
A señora PRESIDENTA (Prado Cores):

- No caso de oradores que non forman parte da Cámara, tamén se identificarán segundo o cargo en razón do cal interveñen:

Exemplos
A señora REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Álvarez Raña): [caso dunha ILP]
A señora VALEDORA DO POBO (Fernández Galiño):

- Na sesión constitutiva interveñen, en primeiro lugar, o letrado oficial maior e os membros da Mesa de Idade. Unha vez constituída a Mesa do Parlamento, xa interveñen os seus membros. Nesta primeira sesión, indicaranse tamén entre parénteses os apelidos do presidente da Mesa.

Exemplos
O señor LETRADO OFICIAL MAIOR (Sarmiento Méndez):
O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Rivas Cruz):
O señor SECRETARIO DA MESA DE IDADE (Castro García):
O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO (Calvo Pouso):
A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA (Prado Cores):
A señora SECRETARIA (Porro Martínez):
A señora VICESECRETARIA (Ortega Otero):

- No debate de investidura, a intervención da persoa candidata sinálase coa forma: O/A señor/a CANDIDATO/A Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Apelidos):

Exemplo
O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

4.3. Os puntos da orde do día

Ao inicio da transcripción de cada debate debe inserirse o correspondente punto da orde do día en redonda, grosa e sen punto final. O contido de cada iniciativa debe coincidir co que se recolle na orde do día publicada no *BOPG*. Se non estivese previamente fixado na orde do día, iría en grosa e cursiva.

Exemplos de textos lexislativos
Debate de totalidade do Proxecto de lei de estradas de Galicia
Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de ordenación do comercio interior de Galicia
Exemplos de textos en lectura única
Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única, do Proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido la Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo
Debate e votación, polo procedemento de lectura única, do Proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo
Exemplo de comparecencias
Comparecencia do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, por iniciativa dunha quinta parte dos membros da Cámara, pertencentes ao G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre a actuación da Consellería de Medio Ambiente na recuperación das máis de 400 aves petroleadas recollidas na costa galega a principios do presente mes
Exemplo de mocións
Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre a elaboración polo Goberno galego dunha nova lei de augas de Galicia
Exemplo de proposicións non de lei
Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María José Caride Estévez e catro deputados/as máis, sobre o cumprimento dos compromisos do Acordo pola competitividade de Galicia 2008-2011 e o impulso do diálogo social coa convocatoria de empresarios e sindicatos para concertar as iniciativas e respostas que require a actual situación de crise
Exemplo de interpelacións
Interpelación de D^a María do Carme Adán Villamarín, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións e medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa situación en que se atopa o sector naval galego
Exemplo de preguntas ao presidente da Xunta
Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Vázquez Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que está a adoptar o Goberno central en relación co tecido industrial e social de Galicia
Exemplo de preguntas orais en pleno
Pregunta de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G. P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a situación de emerxencia que atravesamos o sector naval público galego

Exemplo de solicitudes de creación dunha comisión parlamentaria
Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por petición dos vinte e cinco deputados e deputadas do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o proceso de adquisición da sede da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) en Santiago de Compostela
Exemplos de procesos electivos e designacións
Designación dos membros do Consello Asesor da Radio-Televisión Española en Galicia
Elección dos membros do Consello de Administración da Compañía da Radio-Televisión de Galicia
Exemplos de debates sobre os informes do Valedor ou do Consello de Contas
Debate do Informe ordinario do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2008
Debate e votación do Ditame da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas sobre o Informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia referidas ao exercicio económico de 2005
Exemplos de promesas ou xuramentos de novos deputados
Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia por parte dunha nova deputada
Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia por parte de varios deputados/as

4.4. A alteración da orde do día

Co fin de facilitar a redacción do sumario do *DSPG*, vén sendo tradición incluír epígrafes no texto da transcripción que sinalan o momento en que a presidencia comunica calquera alteración da orde do día, xa sexan propostas de inclusión ou de retirada de puntos, propostas no transcurso da sesión ou previamente, cambios na secuencia do debate etc. Estas epígrafes deben ir en grosa e cursiva.

Tendo en conta que o grao de ritualización e as formas en que estes acordos se plasman nas sesións son variables no tempo e están suxeitas ao estilo de cada presidencia, cómpre ter en conta sempre que as alteracións da orde do día requiren, en xeral, o acordo da Cámara, sexa por asentimento ou por sometemento a votación. Con todo, o máis frecuente é atopar situacións de acordo previo onde se dá por entendido o asentimento plenario. No caso concreto das acumulacións de asuntos ou da súa reordenación dentro da sesión, o artigo 78.2 do Regulamento outorga ao presidente a facultade de decidir, polo que non é preciso sometelo a acordo da Cámara. En todos estes casos, a indicación correspondente será ***Alteración da orde do día***.

Exemplos: alteración da orde do día con sometemento á decisión da Cámara

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: E agora tamén someto á Cámara unha información sobre a solicitude de aprazamento da interpelación 5.1 da orde do día, que é unha interpelación do Grupo Parlamentario de En Marea. Neste caso faise de acordo co recollido no artigo 73.1 do Regulamento. E a alteración da orde do día é para o aprazamento da interpelación.

(Asentimento.)

Hai asentimento. Polo tanto, perfecto.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Antes de pasar ao punto 4, que é o de proposicións non de lei, vou comentar unha alteración na orde do día que someto á súa consideración.

Dado que ten un problema a conselleira do Mar, propónse que a pregunta que figura en último lugar no apartado de preguntas se formule mañá á última hora da mañá. ¿Non hai inconveniente?

(Asentimento.)

Vale, pois moitas grazas. Entón mañá, á última hora da mañá, formularemos esa pregunta.

Exemplos: alteración da orde do día por reordenación do debate (facultade da presidencia)

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Debateremos agora de xeito acumulado dúas preguntas, unha é do señor

Rivas Cruz e outra é do señor Pablo Arangüena.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Comezamos co debate acumulado das seguintes proposicións non de

lei.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, neste caso hai unhas alteracións e agora tramitaremos mocións. E, dentro delas, comezaremos tramitando, en primeiro lugar, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e, posteriormente, debateranse as interpelacións.

4.5. Declaracións institucionais e tomas de posesión non fixadas na orde do día

As declaracións institucionais propostas ou acordadas durante a sesión e mais as tomas de posesión non fixadas previamente, ao non iren incluídas na orde do día, indícanse co mesmo formato que as alteracións da orde do día, isto en, en grosa e cursiva.

No caso das declaracións institucionais, se non se someten a votación, o acordo tómase por asentimento da Cámara, o cal se indica en forma de anotación de incidencia: *(Apróbase por asentimento.)*

Exemplo

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Agora voules ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos sobre a situación do pobo palestino, e que di:

«[...]»

(Apróbase por asentimento.)

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: E agora voules ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos, que chegaron a un acordo onte á tarde, e que di o seguinte —é sobre a morte de Diego Bello, cidadán coruñés, en Filipinas—:

«[...]»

(Apróbase por asentimento.)

No caso das tomas de posesión de deputados ou deputadas que non veñen establecidas na orde do día, estas indícanse coa fórmula: ***Prestación de promesa ou xuramento dun/dunha novo/a deputado/a.***

Exemplo

Prestación de promesa ou xuramento dunha nova deputada

O señor PRESIDENTE: Procedemos á prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada dona Noelia Otero Lago. Todo iso farémolo de acordo co establecido no artigo 71.3 do Regulamento.

Procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada. A fórmula consiste en contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta que lle imos formular desde esta presidencia. Prégolle que responda desde o escano á pregunta que lle vou formular.

Dona Noelia Otero Lago, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia?

A señora OTERO LAGO: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

4.6. As emendas nas mocións e nas proposicións non de lei

Antes do debate dunha moción ou dunha proposición non de lei na cal hai emendas, débese introducir esta información no *DSPG*, despois da descrición da iniciativa. Esta información vai entre parénteses e en cursiva, cunha introdución estandarizada e o texto da emenda tal e como se presentou no rexistro. O modelo de introdución da emenda é o seguinte:

– Emenda a unha moción:

(O G. P. [nome do grupo], por iniciativa do/da seu/súa deputado/a [nome e apelidos], a través do/da seu/súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a(s) seguinte(s) emenda(s) a esta moción.

Emenda de adición/modificación/supresión.

[Texto da emenda]).

– Emenda a unha proposición non de lei:

(O G. P. [nome do grupo], por iniciativa do/da seu/súa deputado/a [nome e apelidos], a través do/da seu/súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a(s) seguinte(s) emenda(s) a esta proposición non de lei.

Emenda de adición/modificación/supresión.

[Texto da emenda]).

Exemplo dunha emenda

(O G. P. Popular de Galicia a través do seu portavoz, por iniciativa da deputada Paula Prado del Río e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Parlamento Europeo para que, unha vez estudada a práctica desenvolvida nos Estados membros da Unión Europea en materia de xestión subrogada, e tendo en conta a complexidade xurídica, ética e social deste asunto, así como a dimensión transfronteiriza e as súas implicacións no exercicio dos dereitos humanos que a UE garante, este elabore un marco normativo homoxéneo no ámbito da Unión Europea, que deberá garantir o respecto da dignidade da muller e o interese superior dos menores, así como solucionar a problemática da filiación dos menores concibidos baixo esta práctica en países alleos á Unión Europea.»)

Exemplo de varias emendas

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda núm. 1, de adición.

Débase engadir un punto 4 co seguinte texto:

«4. Que se realice un informe, de acordo coas persoas profesionais do Imelga, sobre as necesidades que os equipos do Imelga detectan en materia de adecuación de espazos e de medios técnicos axeitados para a mellor realización do seu traballo e, especificamente, sobre aqueles medios e infraestruturas que redunden nunha redución da vitimización secundaria en caso de vítimas de violencia de xénero e menores; e, conforme a dito informe, que se deseñe, antes de finais de 2019, un plan para acometer as melloras necesarias.»

Emenda núm. 2, de adición.

Débase engadir un punto 5 co seguinte texto:

«5. Que se mellore a coordinación entre o Imelga e os distintos ámbitos de intervención nos casos de denuncias de violencia de xénero —forzas e corpos de seguridade, fiscalía, xulgados—.»)

4.6. As votacións

Existen catro tipos de votación: ordinarias, por asentimento, públicas e secretas.

4.6.1. Votacións ordinarias

Para a transcripción destas votacións, en lugar de reproducir literalmente todo o proceso, empréganse modelos fixados, que se incorporan en letra cursiva. O máis aconsellable é deixar como intervención da presidencia parte do enunciado ou simplificalo e despois incluír o modelo de votación para que a transcripción manteña un fío lóxico. Se no transcurso da votación se producen incidencias, como diálogos relevantes ou peticións de palabra, débense incluír.

Como se pode ver nos exemplos, non se especifica o número de deputados presentes nin a inexistencia de algún sentido de voto (a favor, en contra ou abstención), a diferenza do sumario, onde si se especifican todos os sentidos de voto.

Cando todos os votos son a favor, engádese a fórmula «*por unanimidade*».

Exemplos da votación dunha iniciativa sen modificacións durante o debate

Votación da Moción presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Exemplos da votación dunha iniciativa sen modificacións durante o debate

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego ao grupo Ferroatlántica-Ferroglobe do mantemento en Galicia de todos os investimentos e postos de traballo derivados da fabricación de silicio solar, así como a realización das actuacións necesarias para favorecer o desenvolvemento na comunidade autónoma da totalidade do ciclo produtivo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

Exemplo da votación dunha toma en consideración

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, pola que se regula o sistema de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

Exemplos doutras votacións

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame por unanimidade.

Votación do voto particular do G. P. da Alternativa Galega de Esquerda á Proposición de lei pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero non incorporado ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

Votación da proposta de alteración da orde do día, dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego, Mixto e da Alternativa Galega de Esquerda, para incluír o debate e a votación da creación dunha comisión de investigación do accidente ferroviario de Angrois, con base no documento con número de rexistro 17487.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Nas votacións por puntos, primeiro vótanse separadamente os puntos que se indiquen e, a seguir, realízase unha nova votación para os puntos restantes. Indícase o resultado de cada unha das votacións, mais non é preciso indicar o resultado final do conxunto da iniciativa.

Exemplos dunha votación por puntos

Votación do punto 1 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade salarial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto da moción.

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade salarial, agás o punto 1.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da moción.

Votación dos puntos 1, 2 e 5 da alínea A do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados por unanimidade os puntos 1, 2 e 5 da alínea A desta moción.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos medios de comunicación públicos, agás o punto xa votado.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da proposición non de lei.

Nas mocións e proposicións non de lei os textos que se votan poden ser os iniciais que presentaron os grupos parlamentarios ou, se se chegou a algunha transacción, textos aos que se incorporen emendas presentadas por outros grupos ou aos que se lles supriman partes. Se non se incorporan emendas, vótase o texto inicial tal cal aparece na orde do día. Porén, se se incorpora algunha modificación ou se se suprime algún punto ou parágrafo mediante unha emenda, vótanse os textos transaccionados, e así se debe indicar nas votacións.

Exemplo da votación de textos transaccionados por emendas

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta moción.

Aos proxectos de lei tamén se poden presentar emendas, as cales se poden votar por separado, conforme os seguintes exemplos.

Exemplos da votación de emendas

Votación da emenda número 12 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporada ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 53; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación das emendas 8, 11 e 16 do G. P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 21; votos en contra, 38; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación do texto transaccionado da emenda número 9 e a emenda número 5 do G. P. Popular de Galicia ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade o texto transaccionado desta emenda.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. Mixto ao Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 3; votos en contra, 54; abstencións, 11.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Exemplos da votación de emendas

Votación da emenda á totalidade, con texto alternativo, do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

A votación das emendas aos orzamentos faise da seguinte maneira.

Exemplos de votación de orzamentos

Votación das emendas números 67, 68, da 75 á 77, 81, 82, 86 e da 89 á 91 do G. P. da Alternativa Galega de Esquerda á sección 08 (Consellería de Economía e Industria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación das emendas números 252 a 261 do G. P. dos Socialistas de Galicia á sección 08 (Consellería de Economía e Industria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación do orzamento da sección 08 (Consellería de Economía e Industria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento desta sección.

Proposta de incorporar o sentido do voto:

Existe a proposta de indicar na fórmula das votacións o sentido do voto, e non só o número, para poder consultar con maior facilidade e rapidez que votou cada grupo parlamentario. Con todo, é importante precisar que o voto pertence a cada deputado, e non ao grupo parlamentario, aínda que, polo xeral, os deputados e as deputadas seguen o sentido do voto marcado polo grupo en que se insiren.

Así, no caso de querer incorporar á fórmula prefixada a especificación de quen votou, deberíase facer seguinte o exemplo: *Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: a favor; X votos de deputados e deputadas do G. P. X; en contra, X votos de deputados e deputadas do G. P. X.; abstencións, X abstencións do G. P. X.*

Exemplos

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: a favor, 40 votos do G. P. do Partido Popular de Galicia; en contra, 32 votos do G. P. dos Socialistas de Galicia; abstencións, 3 abstencións do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: a favor, 39 votos do G. P. do Partido Popular de Galicia; en contra, 36 votos do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

4.6.2. Votacións por asentimento

Nalgúns casos a presidencia expón ou comunica propostas que non teñen obxección por parte da Cámara, polo que se consideran aprobadas por asentimento, aínda que este feito non se verbalice porque xa se dá por suposto. Un exemplo é o caso das declaracións institucionais ou das alteracións da orde do día previamente pactadas. Nas declaracións institucionais marcarase o asentimento da Cámara cunha anotación ao final do texto: *(Apróbase por asentimento.)*.

No sumario tamén se fará constar a aprobación por asentimento: O señor presidente le unha declaración institucional en relación con [...], que a Cámara aproba por asentimento.

4.6.3. Votacións públicas

Neste tipo de votacións, os membros da Cámara son chamados pola persoa que ocupa a secretaría ou a vicesecretaría da Mesa en orde alfabética a partir da letra que se saque ao azar, ao que deben responder «sí», «non» ou «abstención». Os membros da Xunta que teñan a condición de deputados e os membros da Mesa votan en último lugar.

Nesta votación transcríbese o procedemento tal como se desenvolve, en forma de listaxe. Antes incluírase como incidencia, en cursiva, o procedemento da elección da letra.

Exemplo

(A señora secretaria, Porro Martínez, saca á sorte o nome do/a deputado/a polo que comezará o chamamento.)

A señora SECRETARIA (Porro Martínez): Grazas, señor presidente.

Seara Sobrado, Laura: Non.

Sestelo Fernández, Ramón: Si.

Sineiro García, Francisco: Non.

Etc.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é o seguinte: votos a favor, [X]; votos en contra, [X].

4.6.4. Votacións secretas

Este tipo de votación adoita empregarse para a elección ou designación de cargos. Neste caso non se transcribe o chamamento, senón que se sinala coa seguinte anotación en cursiva:

(A señora secretaria, [apelidos], fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

A continuación debe incluírse outra anotación, tamén en cursiva, relativa á pausa para o relato:

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O resultado da votación si se transcribe segundo o anuncie a presidencia.

4.7. As incidencias

Dentro da propia transcripción da sesión, é preciso anotar as incidencias que se produzan no debate, normalmente sonoras ou visuais, coa finalidade de completar a información e facilitar a comprensión do fío do debate, pois estas incidencias poden provocar xiros no discurso. O sistema de transcripción a partir de gravacións (a diferenza dos métodos antigos como a estenotipia ou a taquigrafía) dificulta este labor ao non poder verificar todos os detalles, polo que ás veces cómpre simplificar estas anotacións.

A descrición destes feitos debe facerse da forma máis neutral posible e sempre sen xuízos de valor. Os casos máis frecuentes son: cando se mostra un documento, unha fotografía, gráficas etc.; cando se despregan bandeiras no estrado ou se exhiben outras mostras reivindicativas, ou cando acontece calquera tipo de incidencia que se deba describir (sempre, como é obvio, que se poida ver ou escoitar a través do vídeo).

As incidencias escríbense entre parénteses, con punto final dentro desta paréntese e en cursiva. As anotacións máis frecuentes son as seguintes (que, de terse a información, poden completarse):

Exemplos de anotacións de incidencias
<i>(Aplausos.)</i>
<i>(Risos.)</i>
<i>(Murmurios.)</i>
<i>(Balbordo.)</i>
<i>(Protestas.)</i>
<i>(Asentimento.)</i>
<i>(Negación.)</i>
<i>(Interrupcións.)</i>
<i>(Pausa.)</i>
<i>(A señora [apelidos/cargo] pide a palabra.)</i>
<i>(Unha señora deputada pide a palabra.)</i>
<i>(Un señor deputado pide a palabra.)</i>

Exemplos de anotacións de incidencias
<i>(Pronúncianse palabras que non se perciben.)</i>
<i>(O señor [apelidos/cargo] pronuncia palabras que non se perciben.)</i>
<i>(O señor [apelidos/cargo] amósalles un documento aos membros da Cámara.)</i>

Calquera outro tipo de apreciación que se perciba e se considere necesaria pódese anotar seguindo este modelo.

Exemplos
<i>(A señora [apelidos/cargo] nega coa cabeza.)</i>
<i>(O señor [apelidos/cargo] coloca unha camiseta no estrado co lema «Nunca máis».)</i>
<i>(A señora [apelidos/cargo] sinala a bancada da oposición.)</i>

Cando se recollen palabras pronunciadas fóra da quenda, a anotación farase en cursiva agás o texto que corresponde ás palabras pronunciadas:

Exemplo
<i>(O señor Pérez López: Iso é mentira.)</i>

4.8. A retirada de palabras

Ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento do Parlamento, a presidencia pode requirir a un deputado, por iniciativa propia ou por solicitude dun deputado, a retirada de palabras pronunciadas que se consideren ofensivas. Porén, malia a retirada, esas palabras foron pronunciadas na sesión e así debe quedar reflectido no *DSPG*.

Así, no caso en que a presidencia retire algunha palabra ou expresión por iniciativa propia, esta figurará entre corchetes e, a continuación, incluírase entre parénteses e en cursiva, como incidencia, a seguinte anotación: *(Expresión retirada do Diario de Sesións, por orde do/a señor/a presidente/a, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.)*. Se a palabra se volve pronunciar en referencia á retirada, volverá aparecer entre corchetes.

Exemplo
A señora ÁLVAREZ PÉREZ: Quería facer unha última mención, se paran de [rumiar] <i>(Expresión retirada do Diario de Sesións polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.)</i> por parte desta bancada... <i>(Murmurios.) (Protestas.)</i>
O señor PRESIDENTE: Señora Álvarez, imos retirar esa palabra. [Rumiar] non é propio do ser humano.

Cando é un orador quen, por petición da presidencia ou doutro deputado, retira algunha palabra ou expresión que el mesmo pronunciou, a anotación muda pola seguinte: *(Expresión retirada do Diario de Sesións polo/a deputado/a que a pronunciou, por solicitude do/a señor/a presidente/a, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.)*.

Exemplo

O señor DÍAZ DÍAZ: O que pretende o Bloque Nacionalista Galego é preconstituír probas para poder dicir que xa o dixeron e que a Xunta é tan culpable como o Partido Socialista; para dicir iso tan do BNG de [«PSOE e PP, a mesma merda é»]. (*Expresión retirada do Diario de Sesións polo/a deputado/a que a pronunciou, por solicitude do/a señor/a presidente/a, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*) Eu dixen que nos critican a nós, igual que a vostedes, para poder dicir esa frase que tanto cacarexan moitas veces nas manifestacións de [«PSOE e PP, a mesma merda é»].

O señor PRESIDENTE: Señor Díaz, aínda que xa sabemos exactamente o que dixo, pídlle que retire esa afirmación para evitar malentendidos. Pese a que entendo cal era o seu sentido, pídlle que a retire.

O señor DÍAZ DÍAZ: Se quere que a retire, retíroa; así quedan todos máis tranquilos.

5. A sesión: a transcripción do debate

As transcripcións dos debates recollidos no *DOPG* deben respectar dous principios básicos: a literalidade e a intelixibilidade. Isto é, a transcripción da sesión debe ser fiel ao debate, pero o texto producido debe ser perfectamente comprensible para a súa lectura independente.

Para acadar esa intelixibilidade, aplícanse, como regra xeral, as normas habituais relativas a ortografía, sintaxe, morfoloxía, puntuación etc. Porén, o diario ten algunhas especificidades que cómpre analizar.

5.1. A puntuación

Un dos elementos máis importantes para que o texto resulte comprensible é a puntuación, pois serve tanto para indicar as pausas e entoacións como para organizar a información de forma clara. Neste traballo é importante a capacidade de captar as ideas do discurso para delimitar correctamente frases e parágrafos, o que non é doado nas intervencións desordenadas ou con moita presenza de elementos distorsionadores propios da expresión oral.

Aínda que as regras de puntuación poidan ser flexibles, non son anárquicas nin persoais. A puntuación, ademais de indicar as pausas, o ritmo e a entoación, tamén sinala as relacións sintácticas entre os elementos da oración e xerarquiza as ideas.

Na fase de transcripción xa se introduce unha puntuación e, polo tanto, unha primeira estruturación textual, se ben esta debe revisarse na fase de corrección para comprobar que non se introduciron erros interpretativos a través dunha puntuación inadecuada.

As normas xerais sobre puntuación pódense atopar na epígrafe sobre os signos de puntuación do manual de estilo. Con todo, resaltanse a continuación algúns casos específicos que aparecen con especial frecuencia no *DSPG*:

- Non se emprega punto final nos títulos das iniciativas:

Exemplo
Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre a elaboración polo Goberno galego dunha nova lei de augas de Galicia

- As anotacións de incidencias escríbense entre parénteses con punto dentro delas, incluso cando van intercaladas no discurso:

Exemplo
O señor LÓPEZ GARCÍA: Vostede sabe que está mentindo. <i>(Murmurios.)</i> E, se non, debería revisalo.

- As fórmulas de saúdo e as expresións de agradecementos sepáranse con punto e á parte do parágrafo da intervención.

Exemplo
A señora PÉREZ ÁLVAREZ: Bo día, señorías. Traemos hoxe a esta Cámara o debate [...]
A señora PÉREZ ÁLVAREZ: [...] Por todo o exposto, solicitamos o voto favorable a esta iniciativa. Moitas grazas. <i>(Aplausos.)</i>

- Empréganse puntos suspensivos para indicar que o discurso do orador queda interrompido por outra intervención.

Exemplo
O señor DÍAZ DÍAZ: Pensamos que a lei crea atallos para a privatización do espazo público, a especulación e a destrución de patrimonio...
O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.
O señor DÍAZ DÍAZ: ...que contraveñen a lexislación.
O señor DÍAZ DÍAZ: Neste caso, por non alongar máis...
O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.
O señor DÍAZ DÍAZ: Si, xa remato.

- Empréganse os puntos suspensivos entre corchetes para marcar lagoas auditivas na transcripción cando o motivo é a falta de comprensión das palabras pronunciadas.

Exemplo
A señora LÓPEZ ÁLVAREZ: A posibilidade de [...] do sector veríase reducida.

- En cambio, cando non se entende porque non se oe ben emprégase entre corchetes a indicación *inaudible*:

Exemplo

A señora LÓPEZ ÁLVAREZ: A posibilidade de [inaudible] do sector veríase reducida.

- Escríbense entre corchetes as palabras retiradas pola presidencia ou polo propio orador ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, indicación que se inclúe entre parénteses e cursiva, como calquera incidencia.

Exemplo

A señora LÓPEZ ÁLVAREZ: É vostede un [delincuente] (*Expresión retirada do Diario de Sesións, por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*), intentando obviar a lei.

- No *DSPG*, as parénteses empréganse principalmente para recoller anotacións ou os apelidos dos oradores que interveñen en función do seu cargo. Polo tanto, para sinalar incisos no discurso é preferible empregar a raia parentética:

Exemplo

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Polo tanto, as dúas institucións —concello e deputación— cumpriron coa legalidade. (*Aplausos.*)

5.2. O uso da grosa e a cursiva

Na transcripción do debate non se deben empregar métodos de resalte, pois no diario teñen reservadas outras funcións.

Así, a grosa emprégase para:

- A indicación das iniciativas e dos oradores:

Exemplo

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre a elaboración polo Goberno galego dunha nova lei de augas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Bo día a todas e a todos.

Pola súa banda, a cursiva emprégase para:

- As fórmulas de apertura, suspensión, reinicio e peche da sesión:

Exemplo

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

- As anotacións, incidencias e aclaracións que non pertencen ao discurso oral:

Exemplo
A señora LÓPEZ ÁLVAREZ: Máis nada, moitas grazas. (<i>Aplausos.</i>)
A señora LÓPEZ ÁLVAREZ: Señor Díaz, non me faga rir (<i>O señor Díaz Díaz pronuncia palabras que non se perciben.</i>), que sabe vostede que iso non é así.

- Nos títulos de libros, publicacións periódicas ou outras producións culturais:

Exemplo
A señora LÓPEZ ÁLVAREZ: Como ben se recolle na entrevista que ofreceu a <i>La Voz de Galicia</i> .

- Nos estranxeirismos e latinismos (agás os xa asimilados —incorporados no *Diccionario da Real Academia Galega*). Tamén irán en redonda, polo xeral, os termos en castelán, aínda que pode haber excepcións (consúltese o punto «Cambios de idioma eventuais e circunstanciais»).

Exemplo
A señora LÓPEZ ÁLVAREZ: Non deberían, <i>a priori</i> , aceptar esas condicións. Esta negociación é un <i>fake</i> en toda regra.

5.3. A corrección da transcripción

Despois da transcripción do debate é necesario facer un cotexo do texto coa gravación para comprobar que está transcrita toda a sesión e que esta transcripción é fiel ao debate.

Ademais disto, faise necesaria certa intervención sobre o texto para mellorar a súa intelixibilidade. Esta intervención consiste na revisión e corrección dos seguintes elementos:

- **Puntuación:** é necesario revisar que a puntuación é coherente co discurso e que a través dela o texto queda estruturado de maneira adecuada. É habitual que nesta revisión se produzan bastantes cambios, dado que ao partir dun borrador é moito máis doado apreciar as estruturas sintácticas e as divisións en parágrafos que na fase de transcripción.
- **Corrección ortográfica:** calquera gralla ortográfica introducida por erro durante a transcripción debe corrixirse.
- **Corrección sintáctica e morfolóxica:** é frecuente que os oradores cometan erros nas estruturas sintácticas ou na morfoloxía dos termos que empregan, ben por despiste ou descoñecemento, ben por interferencia co castelán. Este tipo de erros débense corrixir. Os máis frecuentes son: colocación incorrecta dos pronomes ou confusión do pronome de dativo co de acusativo, obxectos directos con preposición, construcións reflexivas incorrectas, réximes preposicionais erróneos, uso de infinitivos introductorios, perífrases verbais incorrectas, erros de concordancia, palabras co xénero cambiado, verbos mal conxugados, o uso do pronome *elo* ou o uso de *algún* en construcións negativas.

Primeira transcripción	Corrección da transcripción
El mesmo recoñeceu que o presidente da empresa lle chamara para negociar o ERTE ás costas dos empregados...	El mesmo recoñeceu que o presidente da empresa <u>o</u> chamara para negociar o ERTE ás costas dos empregados...
Tamén dicir que puxéronse tamén nestes anos outros recursos, ademais de axudas económicas das que hoxe non imos a falar .	Tamén <u>cómpre dicir</u> que <u>se puxeron</u> tamén nestes anos outros recursos, ademais de axudas económicas das que hoxe non <u>imos falar</u> .
...temos que protexer a saúde e salvar á xente...	...temos que protexer a saúde e salvar <u>a</u> xente...
...a situación actual afecta á estrutura do sistema...	...a situación actual afecta <u>a</u> estrutura do sistema...
... coincido con vostede que estamos moi golpeados pola terceira onda...	... <u>coincido</u> con vostede <u>en que</u> estamos moi golpeados pola terceira onda...
...é que vostede non se cae da burra con esta cuestión...	...é que vostede non <u>cae</u> da burra con esta cuestión...
...pedímos lle ao Goberno da Xunta e ao Goberno do Estado que actúen...	...pedímos <u>lles</u> ao Goberno da Xunta e ao Goberno do Estado que actúen...
...e tanto os fabricantes como as distribuidoras están preocupadas polo que aconteza...	...e tanto os fabricantes como as distribuidoras están <u>preocupados</u> polo que aconteza...
Non é admisible que a estas alturas o ponte siga pechado ...	Non é admisible que a estas alturas <u>a</u> <u>ponte</u> siga <u>pechada</u> ...
Agardamos que a proposta salga adiante.	Agardamos que a proposta <u>saia</u> adiante.
...e elo é o que pretendemos con esta iniciativa.	...e <u>iso</u> é o que pretendemos con esta iniciativa.
...non hai motivos para celebración algunhanon hai motivos para celebración <u>ningunha</u> ...

- **Interferencias fónicas:** calquera erro na pronuncia dun termo por parte do orador, sempre que sexa circunstancial e non intencionado, débese corrixir, sempre que no posterior transcurso do debate non haxa referencias ao erro cometido.
- **Uso das maiúsculas:** é importante comprobar que as maiúsculas se empregan de xeito adecuado seguindo os [criterios xerais](#).
- **Uso dos criterios tipográficos:** tamén se debe comprobar que os usos propios da grosa e da cursiva para o *DSPG* están ben aplicados.

- **Toponimia:** a toponimia galega corríxese sempre; no caso da toponimia española respéctase a forma que empreguen. Para a toponimia estranxeira, corríxese adaptándoa seguindo as normas xerais.

Primeira transcripción	Corrección da transcripción
Vostede parece que nunca pisou <u>La Coruña</u> ...	Vostede parece que nunca pisou <u>A Coruña</u> ...
Se algunha vez pasa <u>por Carballiño</u> verá...	Se algunha vez pasa <u>polo Carballiño</u> verá...
Non sei se vostede quere comparar esa situación coa de <u>Ucrania</u> ...	Non sei se vostede quere comparar esa situación coa de <u>Ucráina</u> ...
Os viños do Ribeiro non teñen que envexar aos da Ríoxa	✓
Os viños do Ribeiro non teñen que envexar aos de La Ríoxa	✓

- **Nomes propios e de empresas, entidades, organismos etc.:** deberanse consultar todos aqueles nomes que non se coñezan ou que xeren dúbidas para garantir que aparezan correctamente escritos, xa sexan nomes de organismos de Galicia ou doutras comunidades, da Unión Europea, nomes de empresas, de autores, toponimia local ou foránea, conceptos técnicos, citas, expresións noutras linguas etc.
- **Palabras superfluas ou expresións inacabadas:** débense eliminar do texto as repeticións innecesarias propias da lingua oral (como, por exemplo, «bueno» antes de comezar o discurso ou cando se repite varias veces mais non ten intencionalidade, ou «Grazas, señor deputado. Grazas. Grazas.») e tamén aquelas palabras ou frases inacabadas froito de rectificacións que non sexan significativas. Tampouco se deben transcribir algunhas expresións da presidencia ou doutros membros da Mesa, fóra de micrófono, derivadas de diálogos que se perciben no audio, pero que están á marxe do debate en si mesmo.

Primeira transcripción	Corrección da transcripción
O señor PRESIDENTE: <u>Bueno</u> , agora votamos o resto dos puntos que non votamos anteriormente.	O señor PRESIDENTE: Agora votamos o resto dos puntos que non votamos anteriormente.

Primeira transcripción	Corrección da transcripción
<p>A señora BLANCO RODRÍGUEZ:¿Quere dicir que en TV3 non hai manipulación informativa porque é unha canle moi vista?</p> <p>O señor PRESIDENTE: <u>Moitas grazas. Grazas.</u></p> <p>A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)</p> <p>O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco. <u>Grazas.</u></p>	<p>A señora BLANCO RODRÍGUEZ:¿Quere dicir que en TV3 non hai manipulación informativa porque é unha canle moi vista?</p> <p>Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)</p> <p>O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.</p>

5.3.1. Outras correccións posibles

Ben que se debe respectar o máximo posible a literalidade do discurso, en ocasións a súa complexidade para plasmalo por escrito fai que sexa necesario introducir algunhas modificacións para que o resultado final sexa comprensible.

- **Organización sintáctica:** nos parágrafos demasiado longos ou que teñan demasiados xiros discursivos, é posible cambiar a organización sintáctica para favorecer a ordenación de ideas e a comprensión da mensaxe. Con todo, a intervención debe seguir sendo a mínima posible.
- **Palabras baleiras de significado:** tamén é posible eliminar palabras baleiras de significado, moi comúns na oralidade, cando interrompen en exceso o fío discursivo.
- **Formas dobres:** en relación coa corrección lingüística, na norma existen termos que contan con solucións dobres (por exemplo, as terminacións -ble/-bel ou as preposicións desde/dende e até/ata). Dentro do posible, sería adecuado que, cando un orador empregue dúas formas distintas nunha mesma intervención, se unifique á máis empregada.
- **Formas léxicas:** polo xeral, os erros léxicos (os máis frecuentes, pola situación de diglosia, son os castellanismos) non se corríxen. Porén, pódense (e recoméndase) corrír estes erros cando a forma incorrecta só altera a prefixación ou sufixación da palabra, pero mantén a raíz. A continuación inclúese unha listaxe de erros léxicos frecuentes coa indicación de se se deben corrír ou non.

Palabra ou expresión	Criterio
<i>a día de hoxe</i>	Corríxese: <i>no día de hoxe</i>
<i>a partires de</i>	Corríxese: <i>a partir de</i>
<i>a pesares de</i>	Corríxese: <i>a pesar de</i>
<i>abono</i>	Co significado de 'pagamento', corríxese: <i>aboamento</i> . Co significado de 'fertilizante' non se corrixe e déixase <i>abono</i> .

Palabra ou expresión	Criterio
<i>adicar</i>	Non se corrixe
<i>a fin de contas</i>	Corríxese: no fin de contas
<i>agotar</i>	Corríxese: esgotar
<i>alimentar</i> (adx.)	Corríxese: alimentario/a
<i>alomenos</i>	Corríxese: polo menos, cando menos, ao menos
<i>aloxar</i> (e derivados)	Non se corrixe
<i>aluguer</i>	Corríxese: alugueiro ('cantidade que se paga') ou alugamento ('acción ou efecto de alugar')
<i>aportar</i>	Mantense
<i>apunte</i>	Corríxese: <i>apuntamento</i>
<i>arreglar</i>	Non se corrixe
<i>asemade</i>	Non se corrixe aínda que se empregue de forma impropia
<i>asignatura</i>	Non se corrixe
<i>autopista</i>	Non se corrixe
<i>bueno</i>	Pode suprimirse ou substituírse por outras fórmulas. Se ten carga semántica pode manterse
<i>carretera</i>	Non se corrixe
<i>cecais</i>	Corríxese: <i>quizais, quizabes</i>
<i>cercanía</i>	Non se corrixe
<i>certidume</i>	Corríxese: certeza
<i>cese</i>	Corríxese: <i>cesamento</i>
<i>chamativo</i>	Non se corrixe
<i>cohecho</i>	Non se corrixe
<i>conlevar</i>	Non se corrixe
<i>conquerir</i>	Non se corrixe
<i>contributo</i>	Non se corrixe
<i>cupo</i>	Non se corrixe
<i>de présa</i>	Corríxese: <i>á(s) présa(s)</i>
<i>deixación</i>	Corríxese: <i>deixamento</i>
<i>desahucio</i>	Non se corrixe
<i>desbroce</i>	Non se corrixe
<i>desenrolo</i> (e derivados)	Non se corrixe
<i>desestimento</i>	Corríxese: <i>desistencia</i>
<i>desfase</i>	Corríxese: <i>desfasamento</i>

Palabra ou expresión	Criterio
<i>desglose</i> (e derivados)	Non se corrixe
<i>desgranar</i>	Corríxese: <i>degrañar</i>
<i>desgüace</i>	Non se corrixe
<i>despido</i>	Mantense
<i>destrozar</i>	Non se corrixe
<i>deterioro</i>	Corríxese: <i>deterioración</i>
<i>devengar</i>	Non se corrixe
<i>disfrutar</i>	Corríxese: <i>desfrutar</i>
<i>dispensa</i>	Co significado de 'venta, distribución' corríxese: <i>dispensación</i>
<i>en base a</i>	Corríxese: <i>con base en</i>
<i>en relación a</i>	Corríxese: <i>en relación con</i>
<i>en torno a</i>	Corríxese: <i>sobre, arredor de, verbo de...</i>
<i>encol de</i>	Non se corrixe aínda que se empregue de forma impropia
<i>engádega</i>	Non se corrixe
<i>ente(i)rarse</i>	Non se corrixe
<i>entorno</i>	Corríxese: <i>contorno</i>
<i>equipa</i>	Corríxese: <i>equipo</i>
<i>equipación</i>	Corríxese: <i>equipamento</i>
<i>escome(n)zar</i>	Corríxese: <i>comezar</i>
<i>eslabón</i>	Non se corrixe
<i>estallar</i>	Corríxese: <i>estalar</i>
<i>estudio</i> (e derivados)	Corríxese: <i>estudo</i> (<i>estudio</i> só co significado de 'local')
<i>fehaciente</i>	Non se corrixe
<i>financiación</i>	Corríxese: <i>financiamento</i>
<i>hacia</i>	Corríxese: <i>cara a</i>
<i>hasta</i>	Corríxese: <i>ata, até</i>
<i>incertidume</i>	Corríxese: <i>incerteza</i>
<i>insertar</i>	Corríxese: <i>inserir</i>
<i>inversión</i>	Corríxese: <i>investimento</i> (<i>inversión</i> só para 'acción ou efecto de inverter')
<i>invertir</i>	Corríxese: <i>invertir</i> (co significado económico) ou <i>inverter</i> (co significado de 'dar a volta')
<i>laboura</i>	Non se corrixe

Palabra ou expresión	Criterio
<i>liderazgo</i>	Corríxese: <i>liderado</i>
<i>lindante</i>	Corríxese: <i>lindeiro/a</i>
<i>llanamente</i>	Non se corrixe
<i>louvar</i>	Mantense
<i>meirande</i>	Non se corrixe aínda que se empregue de forma impropia
<i>mentras</i>	Corríxese: <i>mentres</i>
<i>merma</i> (e derivados)	Non se corrixe
<i>mezclar</i>	Corríxese: <i>mesturar</i>
<i>nadie, naide</i>	Corríxese: <i>ninguén</i>
<i>nembargante(s)</i>	Non se corrixe
<i>noraboa</i>	Non se corrixe
<i>ogallá</i>	Mantense
<i>olvidar</i>	Non se corrixe
<i>pagaré</i>	Non se corrixe
<i>paradójico/a</i>	Corríxese: <i>paradoxal</i>
<i>parlamentar</i> (adx.)	Corríxese: <i>parlamentario/a</i>
<i>Pirineos</i>	Corríxese: <i>Pireneos</i>
<i>plano</i>	Co significado de 'proxecto', corríxese: <i>plan</i>
<i>plantexar</i> (e derivados)	Non se corrixe
<i>plantilla</i>	Non se corrixe
<i>premura</i>	Non se corrixe
<i>perto</i>	Corríxese: <i>preto</i>
<i>procesal</i>	Corríxese: <i>procesual</i>
<i>quizá(s)</i>	Corríxese: <i>quizais, quizabes</i>
<i>recaudar</i>	Corríxese: <i>recadar</i>
<i>rechazar</i>	Non se corrixe
<i>reflexar</i>	Corríxese: <i>reflectir</i>
<i>rentable</i>	Corríxese: <i>rendible</i>
<i>reparto</i>	Corríxese: <i>repartición</i>
<i>respeito</i>	Corríxese: <i>respecto</i>
<i>respostar</i>	Corríxese: <i>responder, dar resposta</i> (segundo o contexto)
<i>retraso</i> (e derivados)	Corríxese: <i>atrasar</i>
<i>sembrar</i>	Corríxese: <i>sementar</i>

Palabra ou expresión	Criterio
<i>sen embargo</i>	Non se corrixe
<i>sencillo/a</i>	Corríxese: <i>sinxelo/a</i>
<i>sesgo</i> (e derivados)	Corríxese: <i>nesgo</i>
<i>sobor</i>	Non se corrixe
<i>soler</i>	Non se corrixe
<i>solventar</i>	Non se corrixe
<i>subasta</i>	Non se corrixe
<i>subministro</i>	Corríxese: <i>subministración</i>
<i>suxerencia</i>	Corríxese: <i>suxestión</i>
<i>tachar</i>	Non se corrixe aínda que se empregue de forma impropia
<i>tasa</i>	Corríxese: <i>taxa</i>
<i>testigo</i>	Corríxese: <i>testemuña</i>
<i>todavía</i>	Corríxese: <i>aínda</i>
<i>tourada</i>	Non se corrixe
<i>tra(n)svase</i>	Corríxese: <i>transvasamento</i>
<i>turno</i>	Non se corrixe
<i>ubicar</i> (e derivados)	Non se corrixe
<i>vacío</i>	Non se corrixe
<i>verquido</i>	Corríxese: <i>vertido</i>
<i>vertido</i>	Mantense
<i>voltar</i>	Non se corrixe
<i>xoven</i>	Corríxese: <i>xove</i> (agás en formas prefixadas)
<i>xove</i>	Mantense

5.3.2. Cambios de idioma eventuais e circunstanciais

Nas sesións dos órganos parlamentarios os oradores poden intervir libremente en galego ou en castelán, aínda que este segundo caso rara vez acontece. Porén, si que é posible que se produza unha alternancia entre as dúas linguas durante a intervención, polo que é necesario reflexionar sobre o motivo desa alternancia para saber o tratamento do texto que corresponde:

- O orador cambia do galego ao castelán cunha intencionalidade concreta: neste caso, as palabras débense manter en castelán, pero marcaranse en cursiva.

Exemplo

Eu creo que é a metáfora perfecta da historia política deste país e do seu partido: *la boda del Escorial y Soto del Real Corporation*. Exactamente vodas e cárceres.

- O orador cambia do galego ao castelán de forma inconsciente e momentánea: neste caso, o máis probable é que se trate dun lapso, polo que as palabras pronunciadas en castelán tradúcense ao galego para manter a homoxeneidade no discurso.

Primeira transcripción	Corrección da transcripción
Están a cambiar cada pouco de discurso e un xa non sabe a cal facer caso. <u>De verdad, yo ya no sé.</u> Pero o que quería dicir era...	Están a cambiar cada pouco de discurso e un xa non sabe a cal facer caso. <u>De verdade, eu xa non sei.</u> Pero o que quería dicir era...

6. A relación de deputados electos

No final de cada número do *DSPG* recóllese a relación de deputadas e deputados electos nunha listaxe a dobre columna numerada e ordenada alfabeticamente no formato «Apelidos, Nome». Ao lado de cada nome vai, entre paréntese, a abreviatura (segundo a convención marcada, que pode variar en cada lexislatura) do grupo parlamentario a que pertencen.

Exemplo	
RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA	
1. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)	6. Blanco Paradelo, Moisés (P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación (P)	7. Blanco Rodríguez, Noela (S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles (P)	8. Burgo López, María de la Concepción (S)
4. Arias Rodríguez, Raquel (P)	9. Cal Ogando, Marcos (EM)
5. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)	10. Calvo Pouso, Diego (P)

7. A unión do pleno

O conxunto do pleno vaise corrixindo de forma fraccionada por parte dos distintos correctores. Esas fraccións correspóndense con gravacións de quince minutos de duración (ou «cintas»). O documento resultado de unir todas esas fraccións do pleno é o que se coñece co nome de «unión».

O primeiro que ten que facer a persoa encargada de facer a unión dun diario de sesións é casar cinta con cinta, eliminando os encabezamentos que estas levan e mais as palabras iniciais que se repitan ao comezo de cada unha delas.

Unha vez feito isto, deberá revisar que non permanecen defectos formais que non foron corrixidos na fase anterior, tales como:

1. Comprobar que os títulos das iniciativas que aparecen no Diario se corresponden cos publicados na orde do día da sesión.

2. Comprobar que os nomes dos deputados e dos membros do Goberno están escritos correctamente e se corresponden cos que figuran na listaxe publicada, que levan os dous apelidos e que os que interveñen en función do seu cargo levan indicado este en primeiro lugar e a continuación os apelidos entre parénteses, tal como se indica na epígrafe correspondente.
3. Comprobar que ás mocións e ás proposicións non de lei que teñan emendas presentadas se lles engadiron e, no caso de non estaren, incluílas.
4. Comprobar que as consellarías aparecen citadas correctamente, así como os conselleiros e as conselleiras.
5. Comprobar que as horas de inicio e de remate da sesión están postas segundo o criterio acordado e que o inicio, a suspensión e o remate están correctamente asignados.
6. Comprobar que as indicacións das votacións son correctas, diferenciando se se votan puntos soltos das iniciativas, iniciativas completas, textos transaccionados coa incorporación de emendas ou non etc.; así como que os resultados tamén son correctos e segundo o modelo de indicación preestablecido.
7. Se hai interrupcións nos discursos, comprobar que están transcritas correctamente, coas anotacións correspondentes e cos puntos suspensivos, as comas, as maiúsculas e os demais criterios ben empregados.
8. Dar conta de lagoas pendentes de resolver.
9. De haber ordes de retirada de palabras por parte da Presidencia que non se fixeron na corrección inicial, poñelas, coa súa correspondente anotación.
10. Unificar siglas, acrónimos ou nomes propios, de empresas etc., de ser o caso e non haber concordancia en todo o texto.

8. A fase de maquetaxe

No proceso de maquetaxe elabórase o *DSPG* no seu conxunto, coas diferentes seccións que o conforman (portada, orde do día, sumario, transcripción, relación de deputados electos e contraportada). A continuación recóllense os formatos gráficos que se deben aplicar.

PENDENTE DE COMPLETAR POR PARTE DO EQUIPO DE MAQUETAXE

